

ASUNTO: Solicitud de inmediata convocatoria das axudas para a normalización lingüística desde as administracións locais e da modificación do obxecto, dos obxectivos e dos criterios de concesión destas axudas

Nel Vidal Barral, como presidente da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897; con apartado de correos 771 de Santiago de Compostela; con enderezo electrónico info@ctnl.org e con teléfono de contacto 629 571 950, en representación desta entidade,

EXPOÑO

- 1 Que en xuño de 2007 a CTNL lle enviou ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, con copia para a secretaria xeral de Política Lingüística e para a directora xeral de Administración Local, un escrito sobre a convocatoria dese ano de subvencións ás entidades locais para a normalización da lingua galega no que se pedía a modificación do obxecto, dos obxectivos, das funcións dos SNL, dos criterios de concesión, etc. Este escrito non serviu para que esa convocatoria fora modificada.
- 2 Que o 25 de xuño de 2007 representantes da CTNL mantivemos unha xuntanza coa secretaria xeral de Política Lingüística na que, entre outros temas, tratamos o das axudas ás entidades locais para a normalización lingüística. Desde a CTNL achegámoslle novamente á secretaria xeral unha copia da solicitude sobre a convocatoria que lle fora enviada ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. A secretaria xeral expresou que concordaba coas cuestións principais expresadas nese escrito: funcións dos servizos de normalización lingüística, nivel das prazas dos/as técnicos/as de normalización lingüística, etc. De todos os xeitos, isto tampouco serviu para que a convocatoria de subvencións dese ano fora modificada.

- 3 Que en novembro de 2007 a CTNL elaborou un informe sobre a escasa incidencia que tiveron na creación e consolidación real de servizos de normalización lingüística (SNL) as axudas que a Xunta de Galicia lles concedeu para ese fin ás entidades locais. Ese informe envióuselle á Secretaría Xeral de Política Lingüística e á Dirección Xeral de Administración Local, e del desprendíanse, como principais datos, que dos 41 concellos aos que a Xunta lles concedeu unha subvención en 2007 para a creación dun SNL, só 26 crearon finalmente ese servizo, dos que 19 volveron pechalo despois de 2 ou 3 meses de actividade e só 7 tiñan previsto mantelo activo máis aló de finais de ano.
- 4 Que coa recollida de datos e cos contactos realizados para a elaboración dese informe se detectou que os motivos da escasa incidencia desas subvencións para a creación e consolidación real de servizos de normalización lingüística son varios:
 - a O obxecto, os obxectivos, as funcións propostas para os SNL, os criterios de concesión, etc., da propia convocatoria:
 - i O obxectivo principal dos servizos de normalización lingüística municipais debe ser o de incrementar o uso e prestixio da nosa lingua en todos os ámbitos do termo municipal, non só no seo da propia administración, cara a onde se enfocaban e limitaban até o de agora as súas funcións nas convocatorias da Xunta de Galicia.
 - ii A tradución non pode ser unha das funcións xerais dos SNL.
 - iii A corrección de textos e documentos non pode ser un fin en si mesmo, senón que é un medio de cara á capacitación lingüística do persoal.
 - iv A participación dos SNL locais na execución do PXNLG non ten que limitarse ás medidas previstas no sector administración, pois os SNL poden e deben intervir coordinadamente en todos aqueles sectores e ámbitos nos que as administracións locais teñen competencias.
 - v As prazas para o desenvolvemento do traballo en SNL deben ser ou estar para todos os efectos equiparadas ás prazas de funcionarios/as do grupo A: doutores, licenciados/as, enxeñeiros/as, arquitectos/as ou equivalentes. Na orde da convocatoria non se fai ningunha referencia ao tipo de contrato nin ao grupo ao que debe pertencer a praza, cando isto debería ser unha condición imprescindible para a concesión da subvención.

- vi É fundamental que os postos de traballo dos SNL teñan unha denominación axeitada, para o que se propón, en xeral, a de técnico/a de normalización lingüística.
 - vii Non hai ningunha titulación específica relacionada directamente co traballo en normalización lingüística, polo que o requisito para a creación de novos SNL debería ser estar en posesión do título de licenciado/a universitario/a ou equivalente, sen limitar ese título a unha licenciatura concreta e esixindo a avaliación dos coñecementos e capacidades específicas para o desenvolvemento das funcións concretas do SNL nun proceso selectivo que segue os criterios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, pois ningunha titulación garante todos os coñecementos e capacidades necesarias.
 - viii O requisito non debe ser simplemente que sexa licenciado/a, senón que o persoal dos SNL teña praza ou estea contratado como tal (até o de agora para a xustificación había que presentar o título de licenciado/a en Filoloxía Galega, e aínda que o contrato do/a técnico/a de normalización fose de animador cultural, bibliotecario, etc., de grupo D ou C (ou equiparábel) e con condicións laborais precarias, a subvención concedíase.
 - ix Para que desde os SNL se poidan desenvolver con efectividade as tarefas concretas, é fundamental que este estea inserido no organigrama da propia administración no lugar máis acaído atendendo ao principio de transversalidade. Isto é, o SNL debe estar no organigrama naquel lugar no que poida intervir con maior efectividade en todos os ámbitos, e/ou dependendo da estrutura política que teña maiores competencias para intervir transversalmente. Proponse, polo tanto, que na orde da convocatoria se estableza que os SNL locais dependan dunha concellaría específica de Política Lingüística con carácter transversal, da Alcaldía ou, de non poder ser así, dunha concellaría con competencias en Política Lingüística compartida con outras materias de carácter transversal, co fin de poder intervir en todos os ámbitos.
- b A tardanza na publicación da convocatoria e a tardanza na resolución: debido a que durante os últimos anos a convocatoria era publicada no *DOG* entre mediados e finais de ano (en 2001 en setembro, en 2002 en agosto, en 2003 en xuño, en 2004 en agosto, en 2005 en xullo e en

2007 en maio)¹, a que non se resolvía até finais de ano (en 2007 a resolución publicouse en setembro, e con anterioridade non se facía pública no *DOG*) e a que as accións subvencionadas tiñan que ter como data límite de desenvolvemento o 31 de outubro do correspondente ano, isto provocaba que os concellos non se arriscasen a manter servizos de normalización lingüística ou desenvolver algunhas das accións de fomento do uso do galego até asegurar a axuda da administración galega para o seu financiamento, polo que, en definitiva, a marxe temporal entre a data de resolución de concesión da subvención e a data límite de desenvolvemento de actividades era mínima, e incluso se ten dado o caso, como en 2006, que a notificación da concesión da axuda lles chegou aos concellos despois de rematado o ano e, polo tanto, moito despois de rematado o prazo de desenvolvemento das accións. Xa que logo, a tardanza na publicación da convocatoria está a ter consecuencias como:

- i Que as subvencións, en vez de potenciar, incentivar e axudar a financiar a creación de SNL e o desenvolvemento de accións para o fomento da lingua galega, na práctica o que fan é premiar aos concellos que xa crearon eses SNL e que xa desenvolveron actividades para a normalización, e que, polo tanto, xa puideron financiar esas accións con fondos propios.
- ii Que moitos concellos crean SNL temporais cunha duración limitada ao período de dous ou tres meses entre a data de resolución da convocatoria e a data límite de xustificación (31 de outubro).
- iii Que hai concellos que renuncian ás subvencións e/ou á creación de SNL debido á proximidade entre a data de resolución da convocatoria e a data límite de xustificación.

¹ En 2006 estas axudas xestionáronse desde a Fegamp a finais de ano, logo de que o Consello da Xunta acordase o día 7 de decembro e a Fegamp anunciase o día 14 dese mes a sinatura dun convenio entre estas dúas partes para potenciar actividades de normalización lingüística nas entidades locais que se desenvolvan ao longo de 2006. En definitiva, concedéronse en 2007 subvencións para potenciar actividades de normalización lingüística en 2006.

Polo que solicito

- Que, debido a que na data en que se asina esta solicitude aínda non existe o xa anunciado para 2007 Consorcio de Planificación Lingüística, se convoquen de inmediato as axudas para a normalización lingüística desde as administracións locais.
- Que se modifique o obxecto, os obxectivos, as funcións propostas para os SNL e os criterios de concesión sinalados nas convocatorias dos últimos anos de acordo co indicado no punto 4 do apartado «Expoño» deste escrito e na solicitude xa feita pola CTNL en xuño de 2007 dirixida ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (con copia para a secretaria xeral de Política Lingüística e para a directora xeral de Administración Local).
- Que contén co asesoramento técnico da CTNL para o deseño desta convocatoria e para todo o que se considere oportuno na acción de fomento da lingua desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2008